

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira (Lugo)

Teléf.: 982 330 102, Fax: 982 104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

DONA. PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2023 adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO AO CONCELLO DE MEIRA.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2023, acordouse iniciar o expediente de contratación de subministro para a adquisición dun vehículo para este concello, por valor de 24.121,95 € IVE incluído, e se prestou aprobación ao prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a adxudicación do contrato.

Vista a acta de apertura da documentación e exame das proposicións, de data 15 de febreiro de 2023, exame da documentación, e valoración dos criterios avaliábeis de xeito automático, na que se propón á adxudicación da subministración dun vehículo a favor da empresa Stellantis & You España, S.A., ao ser a única proposición presentada e reunir os requisitos.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2023, polo que se lle require a empresa licitadora Stellantis & You España, S.A, para que no prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao recibo da notificación, presente a documentación a que fai referencia as cláusulas 21 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que no prazo previsto na cláusula 21 do prego de cláusulas, o licitador presentou a documentación xustificativa pertinente, sendo esta correcta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade do catro concelleiros asistentes, que son o número que legalmente a constitúen, e en votación ordinaria,

ACORDOU:

Primeiro: adxudicar o contrato de subministración dun vehículo ao Concello de Meira á empresa Stellantis & You España, S.A., con CIF:A28278026, con domicilio a efectos de notificacións deste procedemento na Avda. de Madrid, núm. 191, 36214 de Vigo (Pontevedra), representada por don José Antonio Fernández Estévez, con DNI núm. 34 973 751-C, polo importe de 19.773,22 € máis 4.152,38 € en concepto de IVE, o que fai un total de 23.925,60 €, un prazo de redución de entrega do vehículo de 15 días, e un prazo de garantía de 54 meses/100.00 km (o que antes ocorra)

Segundo: notificar este acordo á empresa adxudicataria do presente contrato, publicando o mesmo no perfil do contratante.-



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira (Lugo)

Teléf.: 982 330 102,Fax:982 104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

Terceiro: De acordo co punto 23 do prego de cláusulas a formalización do contrato realizarase coa sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, tal e como se regula no artigo 159.6.g) da LCSP, ao que se unirá a documentación a que fai referencia dito punto.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

Documento assinado electrónicamente

